

09 Abril de 2012 - Revista 863

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



xuventude.net

NOVAS E ANUNCIOS / 2

FORMACION / 5

BOLSAS E AXUDAS / 6

EMPREGO / 7

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX / 11

NOVAS E ANUNCIOS EN PORTADA

Benestar oferta preto de 700 prazas para estadias de fin de semana multiaventura en Lugo dirixidas a mozos e mozas galegos



Mércores, 04 Abril 2012 12:24

O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, e a delegada territorial da Xunta en Lugo, Raquel Arias, presentaron hoxe a campaña nesta provincia.

A iniciativa da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado prolongarase desde o mes de abril ata xuño en catro instalacións distintas repartidas na provincia.

Os participantes poderán realizar actividades de escalada ou sendeirismo, de multiaventura, barranquismo ou visitas culturais, entre outras

En toda Galicia, a Consellería de Traballo e Benestar ofertará 3.782 prazas neste programa.

A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, oferta un total de 688 prazas en estadias de fins de semana multiaventura na provincia de Lugo aos mozos e mozas galegos de entre 18 e 35 anos, no marco do programa 'Roteiros'. A iniciativa prolongarase desde abril ata xuño en catro instalacións distintas repartidas na provincia galega.

O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, e a delegada territorial da Xunta en Lugo, Raquel Arias, presentaron hoxe a campaña na provincia. En toda Galicia a Consellería ofertará 3.782 prazas neste programa.

Na súa intervención, o director xeral indicou que as estadias inclúen aloxamento completo (desde o venres á tarde ata o domingo ao mediodía); a manutención neste período de tempo; o desprazamento cara as distintas actividades; e as propias actividades e os materiais necesarios.

Os participantes poderán realizar actividades náuticas como kaiak o bodyboard; de multiaventura, como escalada ou rutas en bicicleta; ou culturais, con visitas a museos, entre outras.

Os interesados en participar nesta iniciativa poderán facer a reserva da súa praza a través da chamada telefónica nos teléfonos 981 54 59 37/54 57 02/54 16 89/54 58 22 en horario de 09,00 a 14,00 horas de luns a venres.

Na provincia de Lugo abriuse a inscrición no Complexo xuvenil LUG2 en Lugo, no campamento xuvenil da Devesa (Ribadeo), no Albergue xuvenil Benigno Quiroga en Portomarín, e no Concello de Quiroga.

O 'Roteiro en pedra viva', no Complexo xuvenil LUG2, no Concello de Lugo, daralle aos 25 participantes de cada fin de semana (un total

de 200 divididos en oito convocatorias) a posibilidade de realizar actividades de escalada en rocha, rappel, xeocaching, cicloruta pola 'Roma galega', sendeirismo e role playing game, así como actividades nocturnas diversas.

O 'Roteiro en mar vivo' que se desenvolverá na mariña lucense, no campamento xuvenil da Devesa (Ribadeo), dará a oportunidade aos 25 participantes por fin de semana (200 divididos en oito convocatorias) de realizar un raid de multiaventura terrestre polos arcos das Catedrais; actividades de multiaventura como bodiboard, kaiak, kaiak surf, escalada en rocódromo, tiro con arco, así como un raid multiaventura acuático e snorkel.

No 'Roteiro en río vivo', no Albergue xuvenil Benigno Quiroga en Portomarín, durante oito fins de semana, os grupos de 25 persoas por fin de semana (200 divididas en oito convocatorias) poderán levar a cabo barranquismo no Lor, sendeirismo acuático, ciclorruta polo río Miño, xeocaching, así como unha visita ao lugar de nacemento da Orde dis cabaleiros de Santiago e un raid multiaventura polo leito do río Miño.

Por último, no Concello de Quiroga, 22 persoas cada fin de semana (88 divididas en catro convocatorias) levarán a cabo actividades de espeleoloxía e sendeirismo; e visitas culturais ao museo etnográfico e xeolóxico.

Campaña de Verán

Doutra banda, Ovidio Rodeiro lembrou que, ademais do programa 'Roteiros', durante os meses de xullo e agosto terán lugar as actividades para maiores de 18 anos enmarcadas dentro da Campaña de Verán. En total, ofértanse para este colectivo 511 prazas de multiaventura na natureza en sete localizacións diferentes en toda Galicia, nun contexto similar ao de Roteiros.

No caso da provincia de Lugo, haberá un total de 118 prazas en dúas propostas: a actividade 'H2O+18', que se levará a cabo no Complexo Xuvenil LUG-II nas fins de semana de xullo, e que contará con actividades de kaiak de río, escalada en rocha do Monte Segade, rotas de BTT ou xeocaching nocturno; e o programa 'Surfeando no Cantábrico', que terá lugar no Campamento Xuvenil A Devesa de Ribadeo nas fins de semana de agosto e que contará con actividades de surf, sendeirismo, escalada en rochódromo ou rotas de BTT. Ademais, o director xeral indicou que está aberto o prazo para anotarse nos cursos de condución segura que, dentro da campaña 'LIBRE' para a prevención de accidentes de tráfico entre a mocidade, terán lugar nos circuítos de A Madalena, en Forcarei (Pontevedra) e A Pastoriza, en Lugo.

Os cursos terán unha duración de cinco horas (unha teórica e catro de condución en circuítos) que abordarán aspectos como os factores de risco na condución; a seguridade activa e pasiva nos automóviles; ou as técnicas de condución, como a posición ao volante, os trazados e as traxectorias nas curvas, o uso do freo e do acelerador, a subviraxe a a sobreviraxe, entre outras.

No caso do circuítos da Pastoriza, os cursos terán lugar nas fins de semana do 5 e 6 de maio e 12 e 13 do mesmo mes. En total, está previsto que participen nesta actividade un total de 128 mozos e mozas.

Aberto o prazo de inscrición para o encontro xuvenil "Crea interior" de Vila de Cruces, no que poderán participar ata 250 persoas



Xoves, 05 Abril 2012 00:00

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado en colaboración co Concello de Vila de Cruces organiza esta mostra o próximo 14 de abril, que se centra en promover a creatividade e o emprendemento entre a mocidade nos concellos do interior.

Os participantes compartirán experiencias sobre como emprender, as vantaxes do cooperativismo, ou o turismo activo no interior.

Entre os poñentes, destacan o escritor Xosé Neira Vilas ou o cociñeiro Marco Varela.

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, da Consellería de Traballo e Benestar, vén de abrir o prazo de inscrición para o encontro xuvenil "Crea interior", que leva como consigna "creatividade e emprendemento: o futuro dos concellos do interior nas mans da xuventude". Esta mostra terá lugar o próximo 14 de abril, en Vila de Cruces e nela poderán participar ata 250 persoas.

Esta é a segunda das nove mostras sobre emprendemento xuvenil que conforman o programa "Conecta", que está a levar a cabo a área autonómica de xuventude. Grazas a esta iniciativa, Vila de Cruces converterase na capital galega do emprendemento e a creatividade xuvenil durante esta xornada.

Esta iniciativa enmárcase no proxecto transfronteirizo Emprende e conta coa colaboración de diferentes entidades tanto galegas como portuguesas.

A mostra, que xorde da colaboración entre a Dirección Xeral de Xuventude e o concello de Vila de Cruces, acollerá ponencias, debates, ou espazos para a creatividade, o emprego e o emprendemento. As actividades da mañá terán lugar no auditorio da parroquia de Merza, e as da tarde na área recreativa da Carixa.

Durante o encontro, os participantes e os poñentes compartirán experiencias e a súa visión da situación actual da mocidade en vilas e concellos pequenos. Así, abordaranse temas sobre como emprender nos concellos, as vantaxes do cooperativismo, ou o turismo activo e de interior como oportunidade de futuro. Ademais, falarán sobre como os mozos e mozas poden emprender en tempos de crise ou de que maneira a participación xuvenil pode converterse nunha ferramenta emprendedora.

As ponencias complementarase con diversas actividades paralelas, como a mostra do traballo de entidades xuvenís; ou espazos de creatividade sobre artesanía, música, son ou defensa persoal; de emprendemento, centrados no deseño de currículos, no simulacro de entrevistas de traballo ou no asesoramento para emprendedores; ou espazos sobre actividades de aventura, geocaching, ou rocódromo.

Poñentes

Durante a mañá, participarán, entre outros, o alcalde de Vila de Cruces e Xosé Neira Vilas, o autor do libro "Memorias dun neno labrego", que rexistrou na súa obra unha importante presenza da xuventude rural.

Haberá tamén unha mesa redonda sobre como emprender nos concellos de interior. Nela participarán Eva González –titular da súa propia explotación gandeira-; Elena Ferro –moza artesá e zoqueira, que integra unha variante moderna e innovadora; María Hermida

–directora de Finca de Mouriscade, un centro innovador no eido agrario-; e José Ramón Moire –un mozo emprendedor no eido do sector téxtil-.

Máis tarde, o técnico cooperativo Daniel Vega exporá a fórmula do asociacionismo agrario como modo de emprendemento e, por outra banda, o profesor na facultade de empresariais e turismo de Ourense e na UNED, José Antonio Rodríguez, abordará o potencial turístico dos concellos do interior como elemento impulsor da súa economía.

Ademais, o cociñeiro e chef executivo do Hotel Palacio de Sober, Marco Varela, levará a cabo un taller de cociña creativa.

Xa pola tarde, Javier Blanco –xerente do Bantegal-; Ramón García Sueiro –deportista de alto nivel e emprendedor no sector do ocio-; e José Luis Lamas –empendedor e enxeñeiro agrónomo- tratarán a participación xuvenil como ferramenta de futuro.

Todos aqueles interesados en participar atoparán toda a información sobre este evento na páxina web: <http://xuventude.xunta.es>.

NOVAS E ANUNCIOS NOVAS E ACTIVIDADES

Curso Básico de Información Xuvenil

Martes, 03 Abril 2012 07:14



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado organiza o curso básico de Información Xuvenil dirixido a mocidade galega.

• **Obxectivo:** Analizar a información xuvenil no contexto da políticas de xuventude.

• **Contidos:**

1. Análise dos procesos de información, orientación e asesoramento xuvenil . Procesos de información, orientación e asesoramento no ámbito da mocidade. Historia da información xuvenil. . Sociedade da información e coñecemento. O proceso do coñecemento. Fundamentos e principios

da información xuvenil.

2. Fontes de información e documentación sobre mocidade: observatorios de mocidade, estudos sociolóxicos, bibliotecas especializadas, censos, publicacións, entre outros. Recursos de intervención no traballo con mocidade: formación, información, equipamentos e actividades.


3. Organización dos Servizos de Información Xuvenil (SIX). . A información xuvenil nas políticas de Xuventude. Marco lexislativo e normativo da información xuvenil. Procedimento administrativo. Protección de datos. Tipoloxía de SIX. Redes de información xuvenil. A planificación da información xuvenil: plan, programa, proxecto. Sistemas de calidade nos SIX..

4. Xestión dos Servizos de Información Xuvenil (SIX). Recursos materiais nos SIX: elementos físicos. Organización de espazos informativos. Recursos económicos: o orzamento. Subvencións. Recursos humanos nos SIX: perspectiva profesional. Coordinación entre profesionais. Actividades formativas.

• **Duración:** 40 horas.

- **Metodoloxía:** O curso realízase na modalidade semipresencial, con un exame presencial que terá lugar no Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil.
- **Prazo e lugar de inscrición:** O prazo de inscrición remata as 14.00 horas do día 20 de abril de 2012. As solicitudes realizaranse a través do formulario.
- **Formulario de Solicitude:** <http://xuventude.xunta.es/cursobasicodeinformacionxuvenil.html>
- **Destinatarios:** Mozos e mozas de 18 a 30 anos, estudantes e titulados en TASOC, estudantes universitarios do ámbito xurídico-social, humanístico e psicoloxía e master de Xuventude e sociedade.
- **Criterios de selección:** Por orde de inscrición.
- **Datas das sesións presenciais:**
 - Primeira sesión presencial: 3 de maio de 2012 as 11.00 h.
 - Exame final: xoves, 31 de maio 2012 as 11.00 h.
- **Máis información:** Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil. Telf. 881 997 607/06/05/04

Informe Semanal do 2 de Abril de 2012



Martes, 03 Abril 2012 11:23

Revisa as novidades desta semana:

http://xuventude.xunta.es/uploads/docs/InformeSemanal/boletinxuventude_02_04_12.pdf

Curso Básico Mediadores de Formación en intervención afectivo-sexual

Quérote+ **Mércores, 04 Abril 2012 07:12**

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado a través dos Centros Quérote+ convoca un curso básico de Formación en intervención afectivo-sexual.

- **Destinatarios/as:**

Persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil e da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, e persoas maiores de idade que traballen ou sexan voluntarios en acción coa mocidade.

 - Nº de horas: 30
 - Nº de edicións: 6
 - Nº de prazas: 25
- **Contidos:**

- Presentación dos Servizos dos Centros Quérote+.
- Conceptos Sexolóxicos
- Educación afectivo -sexual formal e non formal
- Educación afectivo- sexual para pais/nais
- Educación afectivo -sexual e diversidade funcional
- Métodos de protección, Infeccións de Trasmisión Sexual, probas rápidas de detección de VIH
- Recursos da Comunidade autonómica

• **Modalidade:** Semipresencial

• **Lugares de impartición:**

Centro Quérote+ de A Coruña

Prazo de inscrición: do 2 de abril ao 20 de abril

Data de realización: 23, 24 e 25 de abril de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas e un traballo a distancia de 6 horas

Centro Quérote+ de Vigo

Prazo de inscrición: do 2 ao 20 de abril de 2012

Data de realización: 25 de abril e 2 e 9 de maio de 2012 de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas e un traballo a distancia de 6 horas

Centro Quérote+ de Santiago

Prazo de inscrición: do 2 ao 23 de maio de 2012

Data de realización: 28, 29, e 30 de maio de 2012 de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas e un traballo a distancia de 6 horas

Centro Quérote+ de Lugo

Prazo de inscrición: do 2 ao 23 de maio de 2012

Data de realización: 28 de maio e 4 e 5 de xuño de 2012 de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas e un traballo a distancia de 6 horas

Centro Quérote+ de Ferrol

Prazo de inscrición: do 2 ao 31 de maio de 2012

Data de realización: 8, 20 e 21 de xuño de 2012 de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas e un traballo a distancia de 6 horas

Centro Quérote+ de Ourense

Prazo de inscrición: do 2 de abril ao 2 de maio

Data de realización: 7, 14 e 21 de maio de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas e un traballo a distancia de 6 horas

• **Información:**

• **Teléfono dos centros Quérote+:** 881 997 613 ou no mail: info@querote.org

• **Formulario de Solicitude:** <http://xuventude.xunta.es/curso-basico-mediadores-de-formacion-en-intervencion-afectivo-sexual.html>

Día Europeo da Información Xuvenil

Mércores, 04 Abril 2012 11:49

**information
right now!**
young people are asking

17 DE ABRIL, DIA EUROPEO DA INFORMACIÓN XUVENIL

"O Dereito a Información Xuvenil"

Santiago de Compostela, 17 de abril.

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado únese a Campaña: "O Dereito a Información Xuvenil" con motivo do Día Europeo da Información xuvenil que pon en marcha ERYICA en colaboración co Consello de Europa.

A campaña pretende sensibilizar á mocidade e aos medios de comunicación sobre o papel especial da información para os mozos e mozas con respecto ao acceso destes aos seus dereitos. Así mesmo tamén se pretende sensibilizar sobre acceso á información como un dereito en si mesmo para toda a Xuventude.

Como requisito previo establécese o respecto á democracia, aos dereitos humanos e as liberdades fundamentais, así como o dereito a que todos os mozos e mozas teñan acceso a unha información completa, obxectiva, comprensible e fiable sobre todas as súas dúbidas e necesidades.

Os **obxectivos** xerais da campaña son os seguintes:

1. Dar a coñecer aos mozos e mozas o dereito á información.
2. Dar a coñecer aos mozos e mozas os Servizos de información Xuvenil onde poderán facer uso do seu dereito e atopar aquilo que buscan para desenvolver os seus proxectos.
3. Sensibilizar á clase política da importancia da información xuvenil.

Así pois a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado porá en marcha unas xornadas sobre o dereito a información xuvenil, que terán lugar no Centro coordinador de información xuvenil e en distintos espazos xove da Rede galega de centros xuvenís.

- **Destinatarios:** Informadores xuvenís, técnicos de Xuventude, expertos en Xuventude e titulados e estudantes do master en Xuventude, persoal dos centros Quérote+, dinamizadores xuvenís, e mozos e mozas interesados na materia.
- **Data:** 17 de abril de 2012
- **Lugar:** Centro Coordinador de información xuvenil. Santiago de Compostela.
- **Prazo de inscrición:** O prazo de inscrición remata o próximo 13 de abril as 14.00 horas, a través da páxina www.xuventude.net

PROGRAMA DA XORNADA:

10.30 h. Presentación:

Ovidio Rodeiro Tato. Director xeral de Xuventude e Voluntariado.

11:00 Relatorio. Procedemento para o recoñecemento oficial do certificado profesional de informador xuvenil.

Bernardo Vázquez Acuña. Técnico de formación ocupacional do Instituto Galego das Cualificacións.

12:00 Relatorio: A información xuvenil xeralista e especializada.

Jesús Antelo García.

12.30. Pausa

13:00 Mesa Redonda:

A información xuvenil desde a participación da mocidade nas OMIX.

A información xuvenil nos Espazos Xove da Rede galega de centros de Xuventude.

Almudena Suárez Torrado.

Moderador: Jesús Antelo García

13.45 h. Mesa Redonda: A información xuvenil especializada.

A información xuvenil desde as oficinas de Emancipación xuvenil.

Segundo Beloso Quiñones.

A información xuvenil desde os Centros Quérote+.

Laura López López.

A información xuvenil desde a Rede galega de dinamizadores xuvenís.

Cecilia Vázquez.

14:45- Clausura.

- **Formulario de Solicitud:** <http://xuventude.xunta.es/dia-europeo-da-informacion-xuvenil.html>

FORMACION

CURSOS DA DXVV

Curso Básico Mediadores de Formación en intervención afectivo-sexual

Quérote+

Mércores, 04 Abril 2012 07:12

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado a través dos Centros Quérote+ convoca un curso básico de Formación en intervención afectivo-sexual.

• **Destinatarios/as:**

Persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil e da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, e persoas maiores de idade que traballen ou sexan voluntarios en acción coa mocidade

Nº de horas: 30

Nº de edicións: 6

Nº de prazas: 25

• **Contidos:**

- Presentación dos Servizos dos Centros Quérote+.
- Conceptos Sexolóxicos
- Educación afectivo -sexual formal e non formal
- Educación afectivo- sexual para pais/nais
- Educación afectivo -sexual e diversidade funcional
- Métodos de protección, Infeccións de Trasmisión Sexual, probas rápidas de detección de VIH
- Recursos da Comunidade autonómica

• **Modalidade:** Semipresencial

• **Lugares de impartición:**

Centro Quérote+ de A Coruña

Praza de inscrición: do 2 de abril ao 20 de abril

Data de realización: 23, 24 e 25 de abril de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas e un traballo a distancia de 6 horas

Centro Quérote+ de Vigo

Praza de inscrición: do 2 ao 20 de abril de 2012

Data de realización: 25 de abril e 2 e 9 de maio de 2012 de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas e un traballo a distancia de 6 horas

Centro Quérote+ de Santiago

Praza de inscrición: do 2 ao 23 de maio de 2012

Data de realización: 28, 29, e 30 de maio de 2012 de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas e un traballo a distancia de 6 horas

Centro Quérote+ de Lugo

Praza de inscrición: do 2 ao 23 de maio de 2012

Data de realización: 28 de maio e 4 e 5 de xuño de 2012 de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas e un traballo a distancia de 6 horas

Centro Quérote+ de Ferrol

Praza de inscrición: do 2 ao 31 de maio de 2012

Data de realización: 8, 20 e 21 de xuño de 2012 de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas e un traballo a distancia de 6 horas

Centro Quérote+ de Ourense

Praza de inscrición: do 2 de abril ao 2 de maio

Data de realización: 7, 14 e 21 de maio de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas e un traballo a distancia de 6 horas

• **Información:**

• **Teléfono dos centros Quérote+:** 881 997 613 ou no mail: info@querote.org

• **Formulario De Solicitud:** <http://xuventude.xunta.es/curso-basico-mediadores-de-formacion-en-intervencion-afectivo-sexual.html>

FORMACION

CURSOS DE TIEMPO LIBRE

Curso Monitor de Tempo libre na Estrada



Mércores, 04 Abril 2012 10:47

A Escola de Tempo libre fesán vai impartir na Estrada un curso de Monitor/a de ocio e tempo libre no Concello da Estrada entre os meses de abril e xuño de 2012.

O curso impartirase en horario de 9:30 horas a 14:30 horas nas seguintes datas: 23-27 e 30 de abril, 2-4,7-11,14-18,21-25,28-31 de maio, 1, 4-8,11-15, 18 e 19 de xuño.

• **Lugar onde se vai impartir:**

Concello da Estrada.

Praza da Constitución, 1.

A Estrada.

• **Teléfono:** 986 57 36 01

• **Fax:** 986 57 02 33

• **E-mail:** xuventude@astrada.com.

BOLSAS E AXUDAS

FORMACION PRACTICA

Bolsa de formación en biblioteconomía e documentación para os fondos do Tribunal Constitucional



Martes, 03 Abril 2012 07:40

A bolsa ten por obxecto a formación teórico-práctica en tarefas relacionadas co estudo e tratamento bibliográfico das monografías e as publicacións periódicas da biblioteca do Tribunal Constitucional.

• **Duración:** máximo doce meses podendo ser prorrogada.

A **dotación** de cada bolsa será de **1.200 euros** brutos mensuais.

O **prazo de presentación** das instancias será dun mes a partir do día seguinte á publicación deste Acordo no «Boletín Oficial do Estado» (3 de abril de 2012).

As solicitudes axustaranse ao modelo que estará dispoñible na dirección web: www.tribunalconstitucional.es e deberán dirixirse ao Excelentísimo Sr. Presidente do Tribunal Constitucional.

A convocatoria será resolta nun prazo máximo de catro meses a partir do día seguinte á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Máis información sobre os requisitos específicos dos beneficiarios, criterios de selección, obrigas dos beneficiarios ou xustificación da bolsa no BOE do día 3 de abril de 2012.

BOLSAS E AXUDAS → MOBILIDADE

Bolsas Leonardo da Vinci do Concello de Ourense



Luns, 09 Abril 2012 08:02

O Concello de Ourense convoca 20 bolsas individuais de estadias durante 12 semanas e prácticas laborais en empresas europeas no marco do Programa Europeo "Leonardo da Vinci" en Lisboa (Portugal), Florencia (Italia), Belfast (Reino Unido) e Derry (Irlanda).

• **Requisitos:**

- Mozos empadroados no Concello de Ourense con idades comprendidas entre 18 e 30 anos, que finalizasen o ciclo superior de formación profesional. No caso de non se cubrir todas as prazas entre os beneficiarios do parágrafo anterior, poderán optar a estas os/as licenciados/as, diplomados/as e graduados/as.

- Obter a titulación nos cinco anos inmediatamente anteriores á data do ano desta convocatoria.
- Ter coñecemento da lingua do país escollido para poder desenvolverse na práctica laboral.

A contía das bolsas dependerá do país de destino, sen que se garanta a cobertura do 100% dos gastos ocasionados pola estancia. Con carácter estimativo, a contía das bolsas ascenderá por individuo e destino os seguintes importes:

- Florencia (Italia): 2.874,30 €
- Lisboa (Portugal): 2.894,30 €
- Belfast (Reino Unido): 3.349,30 €
- Derry (Irlanda): 3.134,30 €

O **prazo** para presentar as solicitudes estará aberto ata o **30 de abril de 2012**.

O **formulario de inscrición**, pódese descargar nas páxinas web do concello: www.ourense.es/educación ou en www.educacionourense.com.

Máis información no BOP de Ourense do 9 de abril de 2012

EMPREGO → EMPREGO PUBLICO

Oferta de emprego para dirixir Arquivos Históricos

Martes, 03 Abril 2012 06:45

El Instituto Universitario Europeo en Florencia publica una oferta de empleo para dirigir Archivos Históricos:

- 2 puestos de jefe de animación y 3 de animadores turísticos.

Información y orientación sobre oportunidades culturales para estudiantes, profesionales y entidades

- Plaza de encargado/a para el Museo de la Casa Campesina. Samartín d'Ozcos.
- INTERNSHIP - LANGUAGES (TRANSLATION / EDITING / TERMINOLOGY) LCE FRENCH ASSOCIATE TRANSLATOR/PRÉCIS-WRI-TER. Naciones Unidas
- Alcorcón oferta 30 becas para realizar prácticas en empresas europeas
- Prácticas en la Comisión Europea.
- Intern (Architecture/Archivist). Naciones Unidas. Nueva York.
- Músico/Guitarrista de Música Cubana Especialidad en la Vieja Troba Santiaguera
- Prácticas en la Biblioteca Diocesana de Córdoba.
- Arquitecto para Fundación Un Techo. Chile
- Arquitecto de interiores en Salzburgo-Austria
- Prácticas de 5 meses en el UAMI de Alicante
- Documentalista para catalogar y realizar otras tareas de documentación
- Auxiliar Archivo / Documentación.
- Asesor en base de datos y sincronización en Sql Anywhere
- Promotores de actividades en una Fundación.
- Servicio web biblioteca. Emiratos Árabes.

Más ofertas de empleo en Información: <http://fabricacultural.com>, info@fabricacultural.com.

Prazas Universidade de Córdoba: 30 auxiliar administrativo e outras

Mércores, 04 Abril 2012 07:13

A Universidade de Córdoba convoca 30 prazas para a escala de auxiliares administrativos (Grupo C, Subgrupo C2), 2 prazas para o ingreso na escala de analista de informática (Grupo A, Subgrupo A1) e outras 2 para o ingreso na escala de operadores de informática (Grupo C, Subgrupo C1), todas elas polo sistema xeral de acceso libre. A convocatoria das prazas publicase no BOE de día 4 de abril de 2012.

O procedemento de selección dos aspirantes será o de concurso-oposición.

O prazo para presentar solicitudes será vinte días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado ou no Boletín Oficial da Xunta de Andalucía, se a publicación neste Boletín fose posterior á primeira e dirixiranse ao Señor Rector Magnífico de la Universidad de Córdoba.

Podes consultar toda a información específica sobre estas convocatorias: requisitos de participación, exames, presentación de solicitudes etc, no BOE 4 de abril de 2012, Núm 81.

Auxiliar administrativo no Concello de Trazo

Mércores, 04 Abril 2012 07:46

O Concello de Trazo convoca oposición libre para cubrir unha praza de Auxiliar administrativo. As bases están publicadas no BOP da Coruña do 22 de marzo de 2012.

O prazo para presentar solicitude estará aberto ata o 24 de abril de 2012. Máis información no BOE do 4 de abril de 2012.

9 prazas de conxerse no Concello do Campello en Alacante

Mércores, 04 Abril 2012 07:51

O Concello do Campello convoca concurso-oposición libre para cubrir 9 prazas de Conxerse. As bases están publicadas no BOP de Alacante do 20 de marzo de 2012.

O prazo para presentar solicitude estará aberto ata o 24 de abril de 2012. Máis información no BOE do 4 de abril de 2012.

Conductor de tractor rozadora no Concello de Verea

Mércores, 04 Abril 2012 07:57

O Concello de Verea convoca probas selectivas para a provisión, mediante concurso, dunha praza de conductor de tractor rozadora e outra maquinaria similar con carácter de laboral temporal.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 14 de abril de 2012. Máis información no BOP de Ourense do 4 de abril de 2012.

8 prazas de auxiliar de policía local no Concello de Nigrán

Mércores, 04 Abril 2012 08:12

O Concello de Nigrán convoca oposición libre de oito prazas de auxiliar de policía local con carácter de persoal laboral temporal por un período de tres meses.

• Requisitos:

- Ter máis de 18 anos e non ter cumpridos os 58 anos de idade.
- Titulación: ensinanza secundaria obrigatoria, título de graduado escolar ou equivalente.
- Non ter sido condenado/a por delicto doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 24 de abril de 2012. Máis información no BOP de Pontevedra do 4 de abril de 2012 e na OMIX de Nigrán, teléfono 986 365 000.

Enxeñeiro técnico forestal para o CIS Madeira

Luns, 09 Abril 2012 07:10

A Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia selecciona un Enxeñeiro técnico forestal para o proxecto: «Caracterización mecánica de vigas de grande escuadría de Pinus pinaster, Eucalyptus globulus e Castanea sativa. Aplicabilidade dos métodos sónicos», con destino ao CIS Madeira (Parque Tecnolóxico de Ourense).

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 19 de abril de 2012. Máis información no DOG do 9 de abril de 2012 e en www.cismadera.com.

Tres prazas para Universidade de Vigo



Luns, 09 Abril 2012 07:26

A Universidade de Vigo convoca 3 prazas para o Programa de Transferencia de Tecnoloxía e Resultados da Investigación do Campus do Mar:

- Coordinador (1 praza).
- Xestor de Innovación (2 prazas).

• Requisitos Académicos: titulación universitaria.

- Prazo de presentación de solicitudes ata o 27 de abril de 2012.
- Contrato de 18 meses prorrogables.
- Retribucións: Coordinador 38400-48000 euros/Xestor: 30400-38000 euros anuais.

As bases integras da convocatoria poden consultarse e obter no seguinte enderezo electrónico:

- http://persoal.uvigo.es/persoal_gl/PAS/outras_convocatorias/ e nos taboleiros de anuncios do rexistro xeral (Xerencia, Campus de Vigo) e dos rexistros auxiliares dos Campus de Ourense (Unidade Administrativa), Pontevedra (Escola de Enxeñaría Forestal), e Vigo (r/Torrecedeira, nº 86).

Para información e consultas pode dirixirse ó tfno: 986 813 762 ou no enderezo: consultapas@uvigo.es
La Voz de Galicia do domingo 08 de abril de 2012.

Convocadas prazas de conserxe.

Luns, 09 Abril 2012 08:03

O Concello de El Campello, convoca 9 prazas de conserxe de edificio público, polo sistema de concurso-oposición.

O prazo de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir da publicación no BOE.
Máis información BOE do 4 de abril de 2012.

Convocadas 2 prazas de operario de servizos, no Concello de Baiona (Pontevedra).

Luns, 09 Abril 2012 08:14

O Concello de Baiona, convoca 1 praza de operario de servizos de cemiterio e 1 praza de operario de recollida de basura, polo sistema

de concurso-oposición.

O prazo de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir da publicación no BOE.
Máis información BOE do 7 de abril de 2012.

Convocada 1 praza temporal no CITEEC da Universidade da Coruña.

Luns, 09 Abril 2012 08:16

A UDC convoca 1 praza temporal (3,5 meses) para titulados medios ou superiores, relacionados cas actividades do Centro de Innovación Tecnolóxica en edificación e enxeñaría civil.

O prazo de presentación de solicitudes é ata o 16 de abril de 2012.

Máis información: www.udc.es.

Persoal temporal na Deputación de Lugo

Luns, 09 Abril 2012 08:36

A Deputación de Lugo fai unha convocatoria para cubrir temporalmente as seguintes prazas:

- *Encargado de instalacións deportivas*

• Requisitos:

- Estar inscrito como demandante de emprego
- Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente.
- CELGA 4

- *Obreiro*

• Requisitos:

- Estar inscrito como demandante de emprego.
- Sen titulación específica.
- Celga 3

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 19 de abril de 2012
Máis información no BOP de Lugo do 9 de abril de 2012

EMPREGO EMPREGO PRIVADO

Ofertas do Servizo de Emprego Público do 9/04/2012

Luns, 09 Abril 2012 06:54

Enxeñeiros/as técnicos de proxectos

- Localidade: Cospeito (Lugo)
Nº Oferta: 12/2012/1310
-Requisitos:
necesítanse enxeñeiros/as técnicos de proxectos.

Empregados/as de fogar (internos)

- Localidade: Boiro (A Coruña)
nº oferta: 12/2012/1873
- Requisitos:
necesitase empregados/as de fogar en rexime interno para boiro.

Axentes comerciais

- Localidade: Ourense
nº oferta: 12/2012/2014
-Requisitos:
necesítanse axentes comerciais.

Delegados comerciais, en xeral

- Localidade: Ourense
nº oferta: 12/2012/2054
-Requisitos:
necesítanse delegados comerciais.

Directores comerciais, en xeral

- Localidade: Padrón (A Coruña)
nº oferta: 12/2012/2100
- Requisitos:
directores comerciais con formación técnica en ferraxe. experiencia mínima de tres anos e nivel básico de inglés.

Enxeñeiros/as en telecomunicacións

- Localidade: San Cibrao das Viñas (Ourense)
nº oferta: 12/2012/2135
-Requisitos:
enxeñeiros/as de telecomunicacións ou electrónica, con coñecementos de microchips, placas base e deseño pcb.

Axentes comerciais

- Localidade: Ourense
nº oferta: 12/2012/2191
- Requisitos:
oferta de comercial con contrato mercantil para venda de toallitas refrescantes en hoteis, restaurantes e caterings de gama alta ou media alta.

Caldeireiros/as-tubeiros/as (fabricación de construcións metálicas)

- Localidade: A Estrada (Pontevedra)
nº oferta: 12/2012/2212
- Requisitos:
disponibilidade para viaxar ao extranxeiro. experiencia un ano. carné de conducir. nivel alto de inglés.
Mais Información: Teléfono: 9021 125 000.

Licenciado/Grado en Economía

Luns, 09 Abril 2012 07:27

A Fundación Centro Tecnolóxico Agroalimentario de Lugo (Fundación CETAL) convoca un proceso selectivo para a incorporación dun/ha Licenciado/Grado en Economía.
Ref. 02A7006-GII-S3

As bases da convocatoria poden consultarse no apartado de Ofertas de emprego da web www.cetal.es
La Voz de Galicia do domingo 08 de abril de 2012.

Comercial empresa de xeso

Luns, 09 Abril 2012 08:34

Para empresa de venda de placa xeso laminado e illante
Enviar c.v a: arias.rv@gmail.com
La Voz de Galicia, domingo 8 de abril de 2012.

Responsable de banquetes

Luns, 09 Abril 2012 08:35

Con experiencia en xestión e elaboración de presupostos
Ofrécese estabilidade, desenvolvemento profesional e boa remuneración
Enviar c.v a: rrhh@jpcviso.com
La Voz de Galicia, domingo 8 de abril de 2012.

Camareiras a quendas Vimianzo

Luns, 09 Abril 2012 08:36

Cervexaría Risco
Teléfono: 658.944.470.
La Voz de Galicia, domingo 8 de abril de 2012.

Comerciais para empresa de telecomunicacións

Luns, 09 Abril 2012 08:36

Incorporación inmediata
Enviar c.v a: info@comunikt.es
Faro de Vigo, domingo 8 de abril de 2012.

Asesores comerciais para Vilagarcía e Pontevedra

Luns, 09 Abril 2012 08:37

Inmobiliaria Remax Balaídos
Teléfono: 986.137.030/ balaidos@remax.es
Faro de Vigo, domingo 8 de abril de 2012.

Esteticistas con experiencia

Luns, 09 Abril 2012 08:38

García Barbón
Teléfono: 692.454.951.
Faro de Vigo, luns 9 de abril de 2012.

Auxiliar administrativo Vigo

Luns, 09 Abril 2012 08:39

Con experiencia en atención ao público
Entregar c.v en Romil, n 79 Vigo.
Faro de Vigo, luns 9 de abril de 2012.

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX CASAS DE XUVENTUDE

Busqueda de Emprego noutros Países

Martes, 03 Abril 2012 15:42

O Espazo Xove de Betanzos organiza un Obradoiro sobre a busqueda de emprego noutros países.

- **Obxetivos:**
 - Facilitar información de oposicións en administracións europeas

- Dar a coñecer recursos da Unión Europea en materia de xuventude
- Presentar o Servizo de Voluntariado Europeo do Programa Juventud en Acción
- Dar a coñecer diferentes entidades de emprego europeo
- Presentar programa Eurodesk
- Presentar programa Au Pair

- **Día:** Xoves, 19 de abril
- **Hora:** 20:00 horas
- Aberto prazo de inscrición
- **Lugar:** Espazo Xove de Betanzos



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net